

BASES PARA O PLAN EXTRAORDINARIO DE RECURSOS DIXITAIS PA- RA A AVOGACÍA AFECTADA POLA PANDEMIA COVID-19

PERCEPCIÓNS NON-PECUNIARIAS

PRIMEIRO. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é a concesión de recursos dixitais e de axudas de *hardware* e *software* de carácter extraordinario para os avogados e avogadas que se viron prexudicados con motivo da pandemia COVID-19 e o Estado de alarma, acordado polo Goberno o 14 de marzo de 2020, e a súa normativa de desenvolvemento por diminución dos seus ingresos.

O outorgamento destes recursos buscará a máxima representatividade xeográfica entre os beneficiarios.

SEGUNDO. OBXECTO DOS RECURSOS

O **plan de recursos** estrutúrase en **dúas áreas** da actividade non-xurídica para avogados e avogadas e, á vez, desprégase sobre cinco liñas de recursos que se entenden básicos para mellorar o traballo na **xestión do tempo e os recursos dos despachos, e na difusión dos servizos e a captación de clientes**. Especialistas en cada unha das materias instruirán na utilización dos recursos a través de sesións especializadas en grupos reducidos de obrigada asistencia.

Estas son as liñas de recursos da presente convocatoria:

a. Recursos dixitais:

1.- **Dixitalización de despachos:** os adxudicatarios obterán un paquete de produtos ofimáticos que faciliten o seu traballo tanto en local como na nube e permitan o traballo en multidispositivos sincronizados, así como unha ferramenta para traballar de forma colaborativa no despacho. Todas estas aplicacións dixitais virán acompañadas dun programa de ciberseguridade.

2.- **Presenza dixital do profesional:** as persoas que reciban este recurso desenvolverán unha web especialmente deseñada para a oferta dos seus servizos xurídicos, así como unha aplicación para o manexo conxunto e coordinado de redes sociais. Acompañarano os coñecementos oportunos para o posicionamento web e da identidade dixital.

3.- **Marketing dixital para a captación de clientes:** os profesionais que se beneficien desta liña adquirirán un código para a captación de clientes a través do servizo de anuncios na modalidade «pay per click» do buscador Google. Os especialistas acompañarán os profesionais da avogacía na implementación dos seus anuncios e a primeira fase das súas campañas, que deberán respectar os principios deontolóxicos da avogacía en materia de publicidade.

4.- **Xestión económica:** os profesionais da avogacía poderanse beneficiar dunha ferramenta para o cálculo de custos internos do seu despacho e de procesos derivados da actividade profesional. O especialista axudará a quen se acolla a esta liña a ter un control minucioso dos seus resultados e necesidades en termos económicos.

5.- **Xestión de despachos:** os avogados e avogadas poderán mellorar os procesos de xestión e tramitación de expedientes co seu correo e as plataformas de comunicación coas diferentes administracións de xustiza a través desta liña, cando sexa posible. O beneficiario contará cun especialista

que tamén o axudará a identificar mellor todo o relacionado coa xestión integral da actividade profesional.

b. Recursos económicos para hardware e software

Como complemento á asignación de recursos dixitais, o Consello disporá dun volume de recursos económicos para a adquisición de ordenadores portátiles, tabletas ou escáneres. Os dispositivos serán elixidos polo Consello entre uns ou varios provedores, que facilitarán un código de desconto para as persoas seleccionadas. Estas contratarán a adquisición do produto directamente ao provedor aplicando o código de desconto facilitado para este efecto, polo que o vendedor emitirá a correspondente factura e recibo a cargo do beneficiario. As axudas atinxirán, cando menos, un terzo do valor de mercado dos produtos de hardware seleccionados para o plan.

Xunto coa distribución de achegas para a adquisición de ordenadores, o Consello abrirá un proceso para a adquisición de determinados produtos de software. Quen opte por acollerse ás axudas para a adquisición de software non-incluído na oferta de recursos para a avogacía deberá xustificar a súa necesidade e a utilidade concreta que ha achegar á súa actividade profesional.

O Consello en ningún caso asumirá responsabilidade algunha polo produto. Os produtos adquiridos a través desta fórmula non incluírán o soporte dun especialista.

TERCEIRO. BENEFICIARIOS

Con carácter xeral, poderán beneficiarse destes recursos os avogados e avogadas que na súa declaración da renda do exercicio 2019 non superasen uns ingresos brutos de 45.000 euros. Así mesmo, será preciso que non estean en situación de incapacidade profesional e que visen reducida a súa capacidade económica como consecuencia da epidemia.

Considerarase que a capacidade económica do avogado ou avogada que exerza por **conta propia** se reduciu no suposto de que os seus ingresos no primeiro semestre de 2020 diminuísen, cando menos, un 30 % en relación cos ingresos do primeiro semestre de 2019.

Considerarase que a capacidade económica do colexiado ou colexiada que exerza por **conta allea ou de forma colectiva** se reduciu no suposto de que os seus ingresos diminuísen durante o primeiro semestre de 2020, cando menos, nun 30 % en relación cos seus ingresos do segundo semestre de 2019 pola adopción de medidas de regulación de emprego por parte do empregador como consecuencia da COVID-19.

De xeito específico, os beneficiarios dos recursos deberán ser os seguintes:

a) Recursos dixitais.

Poderá beneficiarse destes recursos calquera avogado ou avogada, tanto a **título individual** para o caso do exercicio por conta propia como os exercentes por **conta allea ou de forma colectiva**.

b) Hardware e software

Poderá beneficiarse destes recursos calquera avogado ou avogada, a título individual, que exerza por conta propia; no caso dos exercentes por conta allea ou de forma colectiva, darase unha única axuda por entidade ou práctica profesional colectiva na que exerza o/a solicitante.

CUARTO. REQUISITOS XERAIS PARA PODER SER BENEFICIARIOS DA AXUDA

Poderán beneficiarse destes recursos os avogados e avogadas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) **Colexición:** ser colexiado ou colexiada en exercicio, incorporado/a antes do 14 de marzo de 2020, que exerza individualmente por conta propia, ou allea ou de forma colectiva mediante a súa agrupación nunha entidade en réxime de atribución de rendas.
- b) **Situación económica:** para exercentes por conta propia, allea ou de forma colectiva mediante a súa agrupación nunha entidade en réxime de atribución de rendas, que os ingresos de cada un dos membros da unidade profesional (conforme coa normativa fiscal) non superen no exercicio 2019 os 45.000 euros brutos. Ademais, que o volume de ingresos do primeiro semestre de 2020 sexa cando menos un 30 % inferior ao do mesmo período de 2019.
- c) **Adaptabilidade dixital:** ter interese de mellora das competencias dixitais ou dun maior desenvolvemento da capacidade dixital para o mantemento do exercicio da súa práctica no novo contexto derivado da situación da pandemia COVID-19 e o Estado de Alarma.

QUINTO. CAUSAS DE EXCLUSIÓN E DE NON-PERCEPCIÓN DOS RECURSOS, CARÁCTER DAS MESMAS E VALORACIÓN

Será causa de exclusión e, daquela, impedirá a percepción da axuda, o feito de incorrer nalgún dos supostos seguintes:

- a) O incumprimento de calquera dos requisitos ou obrigas establecidos na presente convocatoria, así como a inexactitude, falsidade ou omisión de calquera dato ou información facilitada, nos termos do artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- b) Non estar ao corrente do aboamento das cotas colexiais ou a falta de pago sen solicitude de aprazamento destas.
- c) O esgotamento da partida orzamentaria destinada á concesión desta axuda. Neste caso, valoraranse e ponderaranse as distintas solicitudes en función da situación económica e localización xeográfica de cada un dos solicitantes. Do mesmo xeito, a igualdade de condicións, o CGAE dará prioridade a aqueles beneficiarios pertencentes a comarcas ou territorios máis afectados no novo contexto derivado da situación da pandemia COVID-19.

SEXTO. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E RESOLUCIÓN

A axuda poderá solicitarse desde o día seguinte á súa publicación na páxina web do CGAE e ata o 12 de marzo de 2021.

A solicitude deberá realizarse a través do formulario/modelo normalizado, ao que se ha poder acceder a través da ligazón publicada na páxina web <https://www.abogacia.es>.

A devandita solicitude deberá ir acompañada dos documentos enumerados no expondo.

Toda a documentación presentada será estritamente confidencial e tratarase como tal durante toda a tramitación da axuda.

A presentación da solicitude da axuda supón de antemán a aceptación destas bases e dos criterios

expostos, correspondendo ao CGAE a súa interpretación.

Estes recursos son de carácter graciable, discrecional e non-obrigatorio. Constitúense como un fondo de solidariedade para a situación de especial necesidade derivada da situación da pandemia COVID-19. As solicitudes serán valoradas e ponderadas con liberdade de criterio, atendendo de xeito obxectivo as circunstancias concorrentes en cada caso. Contra a súa concesión ou denegación non cabe recurso ningún.

Se da solicitude, os seus documentos xustificativos e demais circunstancias resulta acreditado que a persoa peticionaria está incluída no ámbito definido, resolverase o recoñecemento da axuda.

Para estes efectos e de xeito específico, a resolución da axuda executarase da seguinte forma:

Para os recursos dixitais: os beneficiarios dos recursos recibirán o acceso para formalizar a súa inscrición na plataforma de formación da avogacía.

Para o hardware e software: precisarase a verificación formativa acreditando a superación con avaliación positiva das horas de formación asociadas a este plan de recursos.

No caso de que se estime que a persoa peticionaria non cumpre as citadas condicións, procederase sen máis trámites a ditar resolución definitiva denegando o dereito á axuda, o que se lle comunicará a través do enderezo de correo electrónico designado na solicitude.

SÉTIMO. DOCUMENTACION QUE DEBE ACOMPAÑAR A SOLICITUDE

Xunto co modelo de solicitude, deberase presentar a información que acredite a mingua de capacidade económica e o cumprimento dos requisitos establecidos na presente convocatoria.

En concreto, deberanse aportar:

- 1.- Documento Nacional de Identidade (NIF/NIE).
- 2.- Declaración Responsable, mediante sinatura dixital, de que todos os datos facilitados no formulario de inscrición son veraces.

OITAVO. DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACOMPAÑAR EN CASO DE SER BENEFICIARIO

1.- Declaración da Renda do exercicio 2019 en caso de que na data da solicitude se presentara a Declaración da Renda correspondente ao exercicio 2019.

2.- Certificación colexial de estar dado de alta como exercente e ao corrente de pago.

3.- Documentación acreditativa da diminución de ingresos.

a) Exercentes por conta propia: Modelo 130 de autoliquidación do pago fraccionado do IRPF do 2.º trimestre do exercicio 2019 e do 2.º trimestre do exercicio 2020.

b) Exercentes por conta allea:

-Copia das nóminas de xaneiro a xuño de 2019 e de xaneiro a xuño de 2020.

-De ser o caso, certificado de ter recoñecida a prestación por desemprego, expresivo da súa contía.

NOVENO. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

A posta a disposición dos recursos por parte do CGAE a favor dos beneficiarios seleccionados implicará que estes deban cumprir os seguintes compromisos nos termos do acordo a subscribir co CGAE:

- 1.- Os beneficiarios que resulten seleccionados para os recursos dixitais subscribirán un acordo individualizado co CGAE que regulará a súa participación. Os beneficiarios só se considerarán admitidos após a sinatura do acordo.
- 2.- Será beneficiario dos recursos dixitais exclusivamente a persoa que asine o acordo.
- 3.- Respetar as normas e instrucións que, para este efecto, facilite a dirección e participar nas actividades que se programen para a consecución dos recursos dixitais.
- 4.- Prestar unha dedicación axeitada ao desenvolvemento dos recursos dixitais, así como á instrución que implica. Aqueles beneficiarios seleccionados que non participen poderán ser excluídos das mesmas en calquera momento.
- 5.- Non reproducir nin distribuír, completa ou parcialmente, a terceiros non-beneficiarios da axuda os recursos facilitados.

DÉCIMO. DEREITOS RECOÑECIDOS AO CGAE POLA PARTICIPACIÓN NO PLAN DE RECURSOS PARA A AVOGACÍA

A participación dos beneficiarios seleccionados implicará o recoñecemento dos seguintes dereitos a favor do CGAE nas condicións do acordo a subscribir con cada beneficiario:

a. Dereitos de imaxe

- 1.- Os beneficiarios dos recursos dixitais autorizarán o CGAE a difundir e publicar a través de Internet e en medios de prensa especializada ou xeneralista a imaxe dos participantes.
- 2.- O beneficiario autoriza o uso polo CGAE do Colexio de procedencia e título de recurso dixital asignado, sen límite temporal, para ser mencionado na páxina web ou para calquera acción ou evento relacionado, así como para a súa recollida nos arquivos históricos e soportes de diversa índole do CGAE.

b. Dereito de información e seguimento do proxecto

Para os efectos do seguimento e do máximo aproveitamento dos recursos dixitais durante a vixencia do acordo que regule a participación dos beneficiarios seleccionados, o CGAE deberá ser informado de forma suficiente sobre a súa evolución mediante a participación en accións ou enquisas de seguimento.

UNDÉCIMO. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais que sexan obxecto de tratamento para a xestión dos recursos que se mencionan nas presentes bases serán tratados consonte o Regulamento 2016/679, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A negativa dos solicitantes a subministrar a información requirida no formulario poderá determinar a imposibilidade de participar na presente convocatoria.

DUODÉCIMO. RESERVAS E LIMITACIONES

Estas bases teñen como finalidade establecer as condicións e o procedemento de selección dos beneficiarios que participarán no Plan Extraordinario de Recursos para a Avogacía afectados pola pandemia de COVID-19 do CGAE. Os termos e condicións incluídos nas presentes bases non constitúen ningún vínculo obrigatorio nin contractual nin para o CGAE nin para os beneficiarios que presenten solicitudes máis aló do expresamente previsto nas mesmas. Os beneficiarios que resulten seleccionados para participar subscribirán un acordo individualizado co CGAE que regulará a súa participación.

O CGAE resérvase o dereito a anular ou suspender a presente convocatoria, ou ben a cambiar algunha(s) das súa(s) condición(s) por calquera motivo, comunicándoo aos beneficiarios e sen que isto xere ningún dereito de reclamación por parte dos beneficiarios que presentasen solicitudes de axuda e admisión nos programas formativos.

O CGAE resérvase o dereito de comunicarse cos solicitantes, mediante o correo electrónico facilitado na solicitude, co fin de informar sobre futuras sesións, universais e en aberto, de desenvolvemento de competencias dixitais.

DÉCIMO TERCEIRO. CALENDARIO DE ACTUACIONES*

03/2021	Selección provisional de admitidos e excluídos
04/2021	Selección definitiva de beneficiarios
05/2021	Acceso aos Recursos Dixitais

** As datas son estimativas e dependerán da xestión da presente axuda.*

DÉCIMO CUARTO. CONSULTA E RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS

Para realizar consultas ou resolver dúbidas relacionadas co Plan Extraordinario de Recursos, ou coa presentación de solicitudes, os interesados poden contactar co CGAE a través do seguinte enderezo de correo electrónico: planrecursos@abogacia.es.

DÉCIMO QUINTO. ACEPTACIÓN DAS PRESENTES BASES

O feito de presentar unha solicitude implica o coñecemento e aceptación das presentes bases.

A aceptación dos recursos proporcionados polo Consello Xeral da Avogacía Española a través do programa de referencia implica a suxeición do beneficiario ás súas condicións e o compromiso de actuar no exercicio da avogacía de conformidade cos principios de lealdade profesional e boa fe, e con estrita observancia das normas contempladas no Estatuto Xeral da Avogacía Española e no Código Deontolóxico, así como nas disposicións, códigos ou protocolos aplicables.